



Escola Técnica Superior de  
Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# *Regulamento da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos*

## **UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

*Aprobado pola Xunta de Escola o día 19 de outubro de 2022  
Ratificado en Consello de Goberno o día 30 de novembro de 2022*

## **CAPÍTULO 1. Estrutura e funcións**

**Artigo 1.** A Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, en diante a Escola, é o centro da Universidade da Coruña, en diante a Universidade, encargado da organización, a coordinación, o seguimento, a avaliación e a xestión administrativa das ensinanzas universitarias conducentes á obtención dos títulos universitarios de carácter oficial que lle sexan asignados no ámbito da enxeñaría civil e outros campos afíns. Así mesmo, a Escola promoverá e coordinará a investigación, o desenvolvemento e a innovación interdisciplinares no ámbito da enxeñaría civil.

**Artigo 2.** Son funcións da Escola:

- a) A organización, a coordinación, o seguimento, a avaliación e a xestión administrativa das ensinanzas universitarias que lle sexan asignadas no ámbito da enxeñaría civil e outros campos afíns.
- b) A elaboración das propostas de creación, modificación ou supresión dos plans de estudos destas ensinanzas.
- c) A promoción e coordinación da investigación, o desenvolvemento e a innovación interdisciplinar no ámbito da enxeñaría civil e outros campos afíns.
- d) A custodia das actas de cualificacións e os expedientes do estudantado que cursou ou estea a cursar estudos nela.
- e) A expedición das certificacións solicitadas polo estudantado da Escola.
- f) A coordinación e supervisión da actividade docente dos departamentos que interveñan no desenvolvemento dos plans de estudos da Escola e a avaliación docente do seu profesorado.
- g) A administración da asignación orzamentaria da Escola e o control dos seus propios servizos e equipos.
- h) A participación no goberno e a xestión da Universidade.
- i) A organización de actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- j) A participación nos procesos de avaliación da calidade.
- k) Todas as funcións orientadas ao cumprimento adecuado dos seus fins, ou que lle atribúan a lexislación vixente ou os Estatutos e regulamentos da Universidade.

Así mesmo, e con carácter xeral, a Escola poderá organizar cursos, estean ou non dirixidos á obtención de títulos ou diplomas académicos, e establecer convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas.

**Artigo 3.** A Escola poderá utilizar o seu escudo no marco das normas de imaxe corporativa da Universidade.

**Artigo 4.** A Escola estará integrada por:

- a) O profesorado que imparta docencia nalgún dos seus plans de estudos.
- b) O estudantado matriculado en calquera dos seus plans de estudos.

d) O persoal de administración e servizos asignado expresamente á Escola ou aos departamentos que nela teñan a súa sede.

e) Todas as persoas non incluídas nos apartados anteriores ás que a lexislación e as normativas vixentes outorguen a condición de membros da Escola.

## **CAPÍTULO 2. Órganos de goberno**

**Artigo 5.** Os órganos colexiados de goberno da Escola son a Xunta de Escola, a Comisión Permanente, a Comisión Docente, a Comisión de Avaliación Académica, a Comisión de Garantía de Calidade e a Comisión de Biblioteca.

Os órganos unipersoais de goberno da Escola son o director ou directora (en diante, a dirección), as subdirectoras ou os subdirectores (en diante, as subdireccións) e o secretario académico ou a secretaria académica (en diante, a secretaría académica).

**Artigo 6.** A elección dos membros dos órganos colexiados de goberno da Escola e a dirección da Escola realizarase por sufraxio libre, igual, directo e secreto. A dirección será a encargada de velar polo adecuado cumprimento da correspondente normativa.

Os representantes nos órganos colexiados de goberno da Escola serán renovados con periodicidade bienal.

O procedemento electoral axustarase ao que establezan a Universidade, o regulamento electoral da Escola ou a Xunta de Escola nos correspondentes regulamentos electorais que foren de aplicación.

## **CAPÍTULO 3. A Xunta de Escola**

**Artigo 7.** A Xunta de Escola é o órgano colexiado de máxima representación, ao que lle corresponden as máximas funcións de normativa interna, de control e de expresión da posición e das aspiracións da comunidade da Escola.

**Artigo 8.** Son funcións da Xunta de Escola:

a) Propoñer, para que sexa aprobado polos órganos de goberno da Universidade, o Regulamento da Escola, así como as súas modificacións.

b) Elixir a dirección da Escola e, se for o caso, revogala.

c) Elixir os membros da Comisión Permanente, da Comisión Docente, da Comisión de Avaliación Académica e da Comisión de Garantía de Calidade que non teñan acceso directo en virtude do seu cargo.

d) Elaborar as propostas de creación, modificación e supresión de titulacións ou diplomas académicos, plans de estudos, cursos de posgrao e todo tipo de ensinanzas universitarias no ámbito da enxeñaría civil e outros campos afíns.

e) Aprobar o Plan docente anual (PDA) da Escola e a súa asignación ás áreas de coñecemento e aos departamentos da Universidade antes do comezo de cada curso académico.

f) Acordar a distribución dos créditos asignados á Escola e controlar a súa aplicación.

g) Sancionar anualmente a xestión económica e xeral da dirección durante o ano anterior, e supervisar e controlar a actuación da Comisión Permanente.

h) Propoñer iniciativas e aspiracións, e manifestar a súa opinión sobre problemas que afecten á Universidade ou ao seu contorno.

i) Informar sobre os nomeamentos de doutor/a *honoris causa* propostos polos departamentos.

j) Constituír a Comisión de Biblioteca da Escola, así como elixir os membros que non teñan acceso directo a ela, segundo o establecido no Regulamento do Servizo da Biblioteca.

k) Todas aquelas outras funcións orientadas ao cumprimento adecuado dos seus fins, e as atribuídas á Escola polos Estatutos ou regulamentos da Universidade e pola lexislación vixente.

Para o mellor cumprimento das súas funcións, a Xunta de Escola poderá crear e disolver as comisións que considere oportunas.

**Artigo 9.** A Xunta de Escola estará constituída por:

a) O director ou a directora, que a presidirá e convocará.

b) Os subdirectores e as subdirectoradas.

c) O secretario académico ou a secretaria académica, que o será tamén da Xunta de Escola.

d) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, co límite do 51 % do número total de membros da Xunta. Unha representación do resto do profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación que colabore na docencia, nunha proporción do 12 %, sempre que sexa posible. Quen imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Escola se desenvolve maioritariamente a súa docencia na Escola.

e) Unha representación do estudantado nunha proporción do 28 %. Procurarase con carácter xeral a participación de representantes de todas as titulacións.

f) Unha representación do persoal de administración e servizos nunha proporción do 9 %.

De o administrador ou a administradora da Escola non pertencer á Xunta, será convocado/a ás súas reunións, con voz e sen voto.

Un representante de calquera sector elixido para a Xunta de Escola non pode ser excluído dela se, posteriormente á elección da Xunta, cambiasen as porcentaxes de representación previstas neste mesmo artigo.

**Artigo 10.** A Xunta de Escola reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez en cada cuatrimestre.

A convocatoria da Xunta de Escola en sesión ordinaria corresponderá á dirección, e publicarase cunha antelación mínima de sete días naturais respecto á data en que terá lugar.

A convocatoria incluíra a orde do día, que será establecida pola Comisión Permanente, e na que será preceptivo incluír os puntos seguintes:

- a) Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
- b) Quenda aberta de palabra.

Non se poderán adoptar acordos durante a quenda aberta de palabra.

As sesións ordinarias da Xunta de Escola non poderán ter lugar durante o mes de agosto, as vacacións de Nadal, as vacacións de Semana Santa, en días festivos, nos períodos de exames ordinarios establecidos pola Escola e na semana anterior a estes.

Incluírase un punto na orde do día da seguinte reunión ordinaria da Xunta de Escola se o solicita, coa debida antelación, un 20 % dos membros da Xunta de Escola ou dúas terceiras partes dos representantes dun sector.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que se atopen presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. No caso de introducirse un novo punto na orde do día, tratarase como último punto decisorio da reunión.

**Artigo 11.** A Xunta de Escola reunirse en sesión extraordinaria cando haxa temas de urxencia que o xustifiquen. A convocatoria corresponderá á dirección:

- a) por iniciativa propia, ou
- b) da Comisión Permanente, ou
- c) do 30 %, polo menos, dos membros da Xunta de Escola.

Publicarase cunha antelación mínima de tres días hábiles respecto á data en que terá lugar. A convocatoria incluíra a orde do día, que se reducirá aos temas que motivaron a reunión extraordinaria.

**Artigo 12.** Nas convocatorias das reunións da Xunta de Escola especificaranse o lugar, a data, a hora e a duración estimada da reunión. Esgotado este tempo sen finalizar a orde do día, a sesión poderá prolongarse por acordo de, polo menos, a metade dos membros da Xunta de Escola. En caso contrario, a persoa que presida a sesión indicará aos presentes a data e a hora da continuación da sesión, que terá lugar nun prazo de entre dous e catro días hábiles.

**Artigo 13.** Para a válida constitución da Xunta de Escola requírirase, na primeira convocatoria, a asistencia da metade, polo menos, dos seus membros. A segunda convocatoria terá lugar media hora máis tarde e nela requírirase, como mínimo, a presenza dun terzo dos seus membros. En calquera destes casos requírirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou das persoas que as substitúan.

Excepto o previsto noutros artigos deste regulamento, os presentes adoptarán os acordos por asentimento ou por votación; neste caso adoptarase a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou abstencións. En caso de empate decidirá a persoa que presida a reunión.

Votarase sempre que o solicite algún membro da Xunta de Escola. As votacións realizaranse normalmente a man alzada. Serán secretas cando o solicite algún membro da Xunta e sempre que se trate de acordos sobre persoas.

Das reunións da Xunta de Escola redactarase unha acta. As actas serán públicas.

#### **CAPÍTULO 4. A Comisión Permanente**

**Artigo 14.** A Comisión Permanente é o órgano executivo e de representación permanente da Xunta de Escola.

**Artigo 15.** Son funcións da Comisión Permanente:

- a) Formular criterios e regras sobre normativa académica.
- b) Remitir propostas á Xunta de Escola sobre calquera asunto que teña que ser discutido e informar sobre as propostas que cheguen á Escola doutra procedencia.
- c) Asesorar a dirección en todos aqueles asuntos que esta lle someta.
- d) Velar pola eficacia da docencia, as condicións de traballo e a convivencia de todos os compoñentes da Escola e a función de servizo que a Escola ten que prestar á sociedade, adoptando para iso as iniciativas que considere necesarias.
- e) Velar polo cumprimento dos Estatutos da Universidade e o Regulamento da Escola, as normativas que os desenvolvan e os acordos da Xunta de Escola.
- f) Elaborar a proposta do Plan docente anual (PDA) da Escola e a súa asignación ás áreas de coñecemento e aos departamentos da Universidade antes do comezo de cada curso académico.
- g) Supervisar a asignación de profesorado á Escola, así como os cambios de asignación propostos polos departamentos.
- h) Elaborar a proposta de orzamento de funcionamento anual da Escola, que será presentada para a súa aprobación á Xunta de Escola.
- i) Informar sobre as necesidades da Escola no desenvolvemento das súas funcións específicas para a elaboración do cadro de persoal de administración e servizos.
- j) Xestionar, en colaboración cos departamentos afectados, os recursos correspondentes aos proxectos de investigación interdepartamentais que lle puidesen ser asignados pola Universidade.
- k) Propoñer, cando corresponda, o acceso de profesores á condición de profesores eméritos e honorarios tras a súa xubilación.
- l) Distribuír ou redistribuír os espazos dispoñibles na Escola.
- m) Nomear, cando proceda, o persoal de apoio da administración electoral nas eleccións de dirección e dos órganos de goberno da Escola, de conformidade co Regulamento electoral xeral da Universidade.
- n) Exercer todas as funcións da Escola non atribuídas explicitamente nos Estatutos da Universidade, ou neste regulamento, a outros órganos colexiados de goberno da Escola.

o) Asumir as funcións da Xunta de Escola en casos de urxencia. Os acordos adoptados nestas condicións terán que ser sometidos posteriormente á súa ratificación por parte da Xunta de Escola.

A Comisión Permanente poderá nomear as subcomisións que considere convenientes para o mellor exercicio das súas funcións, así como elaborar e aprobar os seus regulamentos de funcionamento. Todos os sectores representados na Comisión Permanente (persoal académico, estudantado e persoal de administración e servizos) terán dereito a ter polo menos un representante en cada subcomisión.

**Artigo 16.** A Comisión Permanente estará constituída por:

- a) A dirección da Escola, que a presidirá.
- b) O secretario académico ou a secretaria académica, que o será tamén da Comisión Permanente.
- c) Os subdirectores e as subdirectoras. Se o número de subdireccións for superior a tres, a dirección designará tres delas que serán membros da Comisión.
- d) Cinco representantes do persoal académico elixidos por e entre o persoal académico da Xunta de Escola.
- e) Catro representantes do estudantado elixidos por e entre os estudantes membros da Xunta de Escola. Se é posible, procurárase con carácter xeral que estean representadas todas as titulacións impartidas na Escola.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos elixido por e entre o persoal de administración e servizos da Xunta de Escola.

Se for o caso, as restantes subdireccións e o administrador ou a administradora da Escola poderán ser convocados, con voz mais sen voto, ás reunións da Comisión Permanente.

**Artigo 17.** A Comisión Permanente reunirse en sesión ordinaria polo menos dúas veces cada cuatrimestre.

A Comisión Permanente será convocada pola dirección, por propia iniciativa ou por solicitude de tres dos seus membros. Neste caso a convocatoria realizarase no prazo máximo de sete días hábiles. A convocatoria da Comisión Permanente en sesión ordinaria farase pública cunha antelación mínima de cinco días naturais respecto á data en que terá lugar.

Na convocatoria da reunión da Comisión Permanente especificaranse o lugar, a data, a hora e a duración estimada da reunión. Esgotado este tempo sen finalizar a orde do día, a sesión poderá prolongarse por acordo de máis da metade dos membros da Comisión Permanente.

En caso contrario, a presidencia indicará aos presentes a data e a hora da continuación da sesión, que terá lugar nun prazo de entre dous e catro días hábiles.

**Artigo 18.** Para que a Comisión Permanente se constituía requirirase a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros. Para que se poidan adoptar acordos deberá estar presente, polo menos, a metade dos seus membros. En todo caso requirirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou das persoas que as substitúan.

Os acordos poderanse adoptar por asentimento ou por votación cando o solicite algún dos membros presentes; neste último caso adoptarase a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou abstencións. En caso de empate decidirá o voto da persoa que presida a reunión.

Das reunións da Comisión Permanente redactarase unha acta. As actas serán públicas.

## **CAPÍTULO 5. A Comisión Docente**

**Artigo 19.** A Comisión Docente é o órgano da Xunta de Escola con funcións de organización e control no ámbito das ensinanzas impartidas na Escola. Poderá ter funcións executivas naqueles temas específicos que lle foren encargados pola Comisión Permanente.

**Artigo 20.** Son atribucións da Comisión Docente:

- a) Adoptar as medidas necesarias para a execución das directrices da Comisión Permanente.
- b) Establecer a organización xeral da docencia, é dicir: horarios, distribución de aulas, calendario de exames e normativa académica en xeral, cando non exista unha comisión específica da titulación con algunha destas competencias.
- c) Controlar a calidade da docencia, o seguimento dos programas das materias, a coordinación entre elas, os métodos de ensino etc., cando non exista unha comisión específica da titulación con algunha destas competencias.
- d) Xerar e recoller as propostas de adaptación e desenvolvemento dos plans de estudos: posta en marcha e supresión de materias, estruturación de materias optativas en bloques de intensificación ou especialidade, control da matrícula e permanencia do estudantado, elaboración das táboas de adaptación e validación de estudos etc., cando non exista unha comisión específica da titulación con algunha destas competencias.
- e) Informar á Comisión Permanente sobre a situación xeral e as actividades desenvolvidas, e solicitar a súa intervención cando se exceda o ámbito de actuación ou as súas atribucións específicas.
- f) Actuar como Comisión de Validación da Escola, cando non exista unha comisión académica específica da titulación.

**Artigo 21.** A Comisión Docente estará constituída por:

- a) O director ou a directora, que exercerá a presidencia, e poderá delegar no subdirector ou a subdirectora que se encargue da xefatura de estudos da Escola.



- b) Tres representantes elixidos por e entre o profesorado membro da Xunta de Escola.
- c) Tres representantes elixidos por e entre o estudantado membro da Xunta de Escola. Se for posible, garantirase a presenza dun estudante de cada titulación que se imparta na Escola.
- d) O administrador ou a administradora da Escola.

A comisión elixirá o seu secretario ou a súa secretaria entre os seus membros.

**Artigo 22.** A Comisión Docente reunirase en sesión ordinaria polo menos unha vez cada cuadrimestre.

A Comisión Docente será convocada pola persoa que exerza a presidencia, ben por propia iniciativa ben por petición de dous dos seus membros.

Para a Comisión Docente se constituír requirirase a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros. Para que se poidan adoptar acordos deberá estar presente, polo menos, a metade dos seus membros. En todo caso requirirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou, se é o caso, daquelas que as substitúan.

Os acordos poderanse adoptar por asentimento ou por votación. Neste último caso adoptarase a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou abstencións. En caso de empate dirimirá o voto da persoa que exerce a presidencia.

Redactaranse actas das reunións da Comisión Docente. As actas serán públicas.

## **CAPÍTULO 6. A Comisión de Avaliación Académica**

**Artigo 23.** A Comisión de Avaliación Académica é o órgano da Escola encargado da avaliación da actividade docente dos departamentos e do labor docente do profesorado asignado á Escola.

**Artigo 24.** As atribucións e o funcionamento da Comisión de Avaliación Académica estarán rexidos polas normativas da Universidade que lle foren de aplicación e polas que elabore a Comisión Permanente a partir dos criterios xerais que poida establecer a Xunta de Escola.

**Artigo 25.** A Comisión de Avaliación Académica estará constituída por:

- a) O director ou a directora, que exercerá a presidencia, e que poderá delegar esta función nun subdirector ou nunha subdirectora.
- b) Tres representantes, polo menos, do estudantado: como mínimo un de cada un dos graos que se impartan na Escola e un representante do estudantado do Máster Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.
- c) Un certo número de profesores ou profesoras asignados á Escola ata completar a Comisión, de forma que o estudantado constitúa o 25 % do total dos seus membros.

A Comisión elixirá entre os seus membros ao seu secretario ou a súa secretaria.

**Artigo 26.** A Comisión de Avaliación Académica reunirase como mínimo unha vez cada curso académico.

A convocatoria das reunións correspóndelle á súa presidencia, por propia iniciativa ou

por petición de calquera dos seus membros.

Para a Comisión de Avaliación Académica se constituír requirirase a asistencia da metade dos seus membros. Para que se poidan adoptar acordos deberá estar presente, polo menos, a metade dos seus membros. En todo caso requirirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou, se é o caso, daquelas que as substitúan.

Os acordos poderanse adoptar por asentimento ou por votación. Neste último caso adoptárase a opción máis votada independentemente do número de votos en branco ou abstencións. En caso de empate dirimirá o voto da persoa que exerce a presidencia.

Redactaranse actas das reunións da Comisión de Avaliación Académica. As actas serán públicas.

## **CAPÍTULO 7. A Comisión de Garantía de Calidade**

**Artigo 27.** A Comisión de Garantía de Calidade é o órgano responsable do sistema de garantía de calidade dos títulos oficiais impartidos na Escola.

**Artigo 28.** Son atribucións da Comisión de Garantía de Calidade:

- a) Realizar o seguimento dos plans de mellora das titulacións que se imparten na Escola e elaborar, de ser o caso, unha memoria anual sobre o seu grao de execución.
- b) Elaborar e realizar o seguimento, se fose procedente, dos informes de avaliación da calidade que se lle soliciten á Escola.
- c) Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asignar a Xunta de Escola.

**Artigo 29.** A Comisión de Garantía de Calidade estará constituída por:

- a) O director ou a directora, que exercerá a presidencia.
- b) A persoa responsable dos procesos de calidade na Escola, que exercerá a vicepresidencia.
- c) O secretario académico ou a secretaria académica, que o será tamén da Comisión de Garantía de Calidade.
- d) Os coordinadores ou as coordinadoras dos títulos oficiais de grao e mestrado que se impartan na Escola.
- e) O administrador ou a administradora da Escola ou a persoa da Administración da Escola en quen delegue.
- f) Dous representantes do persoal docente e investigador da Escola designados pola Xunta de Escola.
- g) Dous representantes do estudantado designados pola Xunta de Escola.
- h) Un representante do persoal de administración e servizos designado pola Xunta de Escola.

## CAPÍTULO 8. O equipo directivo

**Artigo 30.** O equipo directivo estará composto polo director ou a directora, o secretario académico ou a secretaria académica e os subdirectores ou as subdirectoras, un dos cales exercerá as funcións da xefatura de estudos.

**Artigo 31.** O director ou a directora é a máxima autoridade executiva da Escola, desempeña a súa representación, exerce a súa dirección, preside os seus órganos de goberno e vela pola execución dos acordos dos órganos Colexiados.

**Artigo 32.** Son atribucións da dirección, ademais das que se derivan do artigo anterior, as seguintes:

- a) Propoñer ao reitor o nomeamento e o cesamento das persoas que ocupen os cargos das subdireccións e da secretaría académica.
- b) Presidir as reunións da Xunta de Escola e da Comisión Permanente.
- c) Elaborar a proposta de orzamento anual de funcionamento da Escola e presentarllela á Comisión Permanente e á Xunta de Escola.
- d) Xestionar os bens e ingresos obtidos pola realización de contratos, convenios e servizos que teñan que reverter na Escola.
- e) Autorizar os gastos e as ordes de pagamento no ámbito da Escola.
- f) Exercer as competencias propias en materia administrativa e de xestión de persoal que determine o Consello de Goberno da Universidade.
- g) Presentar á consideración e sanción da Xunta de Escola unha memoria anual, que poderá ser consultada por calquera membro da comunidade universitaria.
- h) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade.

**Artigo 33.** O director ou a directora será elixido/a pola Xunta de Escola entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade con adscrición á Escola e será nomeado polo reitor ou a reitora.

A duración do mandato do director ou a directora será de catro anos. Poderá presentarse a unha soa reelección consecutiva.

**Artigo 34.** Son causas de cesamento do director ou a directora da Escola, o que dará lugar á convocatoria de novas eleccións, as seguintes:

- a) A superación do límite estatutariamente establecido para o seu mandato.
- b) A perda da condición de elixible do director ou a directora. A adscrición a outro centro distinto realizada polo departamento a que pertence o director ou a directora sen que conste a súa aceptación expresa non se considerará causa de cesamento.
- c) O cesamento por petición propia.
- d) A moción de censura presentada por, ao menos, un terzo dos membros da Xunta, con proposta de candidato alternativo, e aprobada pola maioría absoluta dos membros da

Xunta. En caso de non obter esa maioría as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

**Artigo 35.** As persoas que ocupen os cargos das subdireccións serán nomeadas polo reitor, por proposta da dirección, de entre os membros da comunidade universitaria da Escola que teñan dedicación a tempo completo.

Correspóndelles ás subdireccións dirixir e coordinar a área ou as áreas de competencia que a dirección lles asignar.

**Artigo 36.** En ausencia do director ou a directora, as súas funcións serán asumidas temporalmente polo subdirector ou a subdirectora en quen delegue. No seu defecto, asumirá estas funcións o subdirector ou a subdirectora encargado/a da xefatura de estudos.

**Artigo 37.** A persoa responsable da secretaría académica será nomeada polo reitor, por proposta da dirección, entre os membros da comunidade universitaria que teñan dedicación a tempo completo.

**Artigo 38.** Corresponde á secretaría académica, de acordo coas directrices da Universidade:

- a) Dar fe dos acordos e resolucións dos órganos de goberno da Escola, así como de todos os actos administrativos que consten en documentos oficiais da Escola.
- b) Redactar as actas da Xunta de Escola e da Comisión Permanente.
- c) Difundir os acordos e resolucións dos órganos de goberno da Escola.
- d) Dirixir o rexistro xeral da Escola.
- e) Recibir e custodiar as actas de cualificación e os expedientes do estudantado da Escola.

**Artigo 39.** Correspóndelle á subdirección encargada da xefatura de estudos, de acordo coas directrices da Universidade e co asesoramento da Comisión Docente:

- a) A organización docente da Escola.
- b) Elaborar a proposta do calendario do curso escolar.
- c) Elaborar a proposta do horario de clases e velar polo cumprimento das actividades docentes.
- d) Elaborar a proposta do calendario de exames, co asesoramento dos departamentos e representantes dos estudantes.
- e) Asignar as aulas para clases, exames e outras actividades docentes.

## **CAPÍTULO 9. Réxime económico**

**Artigo 40.** Corresponde á Escola elaborar o seu orzamento anual de funcionamento. A proposta de orzamento terá que ser elaborada pola Comisión Permanente para a súa aprobación pola Xunta de Escola.

**Artigo 41.** A Escola poderá proporcionar soporte económico á Delegación de Estudantes e a calquera outra asociación do sector do alumnado.

## **CAPÍTULO 10. Servizos comúns e xerais**

**Artigo 42.** A Escola poderá crear ou suprimir, de se dar o caso, servizos comúns de soporte á docencia, á investigación e á extensión universitaria. Ademais, fomentará a creación e a participación en servizos xerais para toda a comunidade universitaria.

A Comisión Permanente poderá elaborar o regulamento de funcionamento dos servizos comúns da Escola de o considerar necesario, e de acordo coas directrices da Universidade.

**Artigo 43.** A Biblioteca da Escola ten como finalidade principal proporcionar acceso á información científica e técnica para dar soporte ás actividades de estudo, docencia, investigación e transferencia de tecnoloxía dos membros da Escola e de toda a comunidade universitaria. A Biblioteca poderá proporcionar os seus servizos a outras institucións coas que se estableza un acordo neste sentido.

**Artigo 44.** A Unidade de Atención á Docencia (UAD, anteriormente Centro de Cálculo) é un servizo de apoio técnico e científico á docencia, responsable da xestión dos equipos informáticos de computación dependentes da Escola, que actúa ademais como intermediario co Servizo de Informática e Comunicacions da UDC (SIC) naquelas tarefas de xestión centralizada que son necesarias para proporcionarlle un soporte informático adecuado á Escola.

**Artigo 45.** A Escola fomentará a participación do estudantado na utilización destes servizos.

## **CAPÍTULO 11. Reforma do Regulamento**

**Artigo 46.** Poderán propor a reforma deste regulamento ben a dirección da Escola ben un terzo dos membros da Xunta da Escola. Neste último caso, a proposta de modificación presentárase mediante un escrito motivado dirixido á dirección.

**Artigo 47.** O texto da proposta de reforma será enviado pola dirección aos membros da Xunta de Escola, que disporá de quince días hábiles para presentar emendas. Transcorrido este prazo convocarase unha sesión ordinaria da Xunta de Escola para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria achegaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

**Artigo 48.** Para a modificación do Regulamento requírase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta de Escola e a súa aprobación posterior polo Consello de Goberno da Universidade.

### **Disposición derradeira**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC